

TESTOS POLITICOS

Nº 1

Partido Socialista Galego

DECLARACION DE PRINCIPIOS

1. O P.S.G.: POR UNHA GALICIA SOCIALISTA

O PARTIDO SOCIALISTA GALEGO é unha organización política que lucha pola conversión de Galicia nunha sociedade socialista, é decir, pola construcción dunha sociedade socialista pra e polo pobo galego. Concebimos a sociedade socialista como unha sociedade sin érases, plenamente democrática, onde a propiedade real dos medios de producción sexa colectiva, onde as decisiones económicas sexan realmente exercidas polos traballadores mediante a autoxestión e a planificación descentralizada, onde a cultura sexa unha creación e máis un patrimonio populares, e onde o poder político espresese a consciente vontade dos máis e garanta a libertade de todos.

2. GALICIA : UNHA COMUNIDADE NACIONAL SUBDESENROLADA

E COLONIZADA

O P.S.G. define a sua concepción de Galicia nos seguintes puntos :

2.1. Galicia é unha nación, ou sexa un país dotado de persoalidade propia nos órdes territorial, antropolóxico, socieconómico e cultural; unha comunidade definida históricamente por un territorio, unha estrutura económica, un idioma e unha cultura propios e singulares.

2.2. A sociedade galega é unha sociedade subdesenrolada, é decir, que padece atraso económico, que carece de desenvolvimento autónomo e que está supeditada aos procesos de crecemento que se operan nos centros do sistema capitalista, radicados fora do seu territorio.

2.3. Galicia é un país sometido a relacións colonialistas nos planos económico, cultural e político. O instrumento primordial do asoballamento colonialista de Galicia, que dura xa cinco séculos, é o Estado centralista español. O colonialismo e a explotación de crases son dous fenómenos inseparábeis no ser social de Galicia.

A nacionalidade define a persoalidade colectiva de Galicia. O subdesenrollo define a sua estrutura de crases e máis as formas de explotación combinada da sua poboación traballadora. O colonialismo define a inserción de Galicia no Estado español, o problema do idioma galego e máis a alienación sociocultural do seu pobo, que constitue un arma prá sua meirande e máis doada explotación. Todos estes mecanismos determinan o sometimento de Galicia ao capitalismo imperialista e máis a afinidade dos seus problemas cos do terceiro mundo.

3. AUTODETERMINACION, ANTICAPITALISMO E ANTICOLONIALISMO

Como consecuencia do anterior, o P.S.G. afirma :

3.1. Autodeterminación: o pobo galego ten dereito a autodeterminación política e,xa que logo, a exercer o poder constituinte que formalice as institucións políticas acaidas pra o seu autogoberno.

3.2. Anticapitalismo: compre combater o sistema capitalista, que exerce a esplotación e alienación do pobo traballador de Galicia tanto dentro das formas de traballo asalariado coma mediante o seu dominio sobre das camadas sociáis labregas, mariñeiras, artesáns e demás non encadradas directamente en empresas capitalistas de seu.

3.3. Anticolonialismo: a loita pola construción do socialismo en Galicia é de seu unha loita anticolonialista, poisque a esplotación das crases populares galegas sirvense dos mecanismos dun colonialismo tanto máis insidioso canto que opera no interior dun Estado que dispón de todos os medios pra disfrazalo.

4. O CAMIÑO CARA O SOCIALISMO

4.1. MARXISMO

O P.S.G. considera o marxismo como a sua fonte de inspiración teórica primordial, e máis sobor de todo como método para análise e interpretación crítica da realidade e guía para acción política. Pola mesma índole do marxismo, considera tamen o P.S.G. que non se pode convertir nun corpo dogmático nin en esquemas de aplicación mecánica, senón que debe ser repensado críticamente sin lecer.

4.2. VIA REVOLUCIONARIA

O P.S.G. propone unha acción revolucionaria, é decir, conducente a transformar de xeito radical a estrutura da sociedade galega presente, a trocar a natureza das relacións económicas de producción imperantes, a erradicar a esplotación de crase, a derrubar as institucións políticas antidemocráticas e a disipar a ideoloxía burguesa.

4.3. A INSUFICIENCIA DO REFORMISMO

Por conseguinte, o P.S.G. refuga os plantexamentos que centran os seus ouxetivos en reformas que manteñen incólumes as relacións de producción nas que se consuma a esplotación, reproducese a estrutura de crases fundamental, consolídate a dominación capitalista nos seus arredores e xenérase, xa que logo, a desigualdade social mesma que se pretende corregir. O P.S.G. considera tanto máis adecuada esta sua postura canto que Galicia é un país subdesenrolado, que o subdesenrollo é un produto do desenvolvemento capitalista e que polo tanto habera' subdesenrollo mentres haxa capitalismo na nosa Terra.

4.4. DIVERSIDADE DAS VIAS CARA O SOCIALISMO

De todos xeitos, o P.S.G. é consciente de que a marcha cara o socialismo supón un longo camiño que que áinda non foi andado enteiro por ningun pobo da humanidade. Tamen é consciente de que os viesiros posíbeis son diversos e de que as esperencias ensaiadas xa son historia. A estrutura económica dos diversos pobos, as formas de civilización e de cultura, a situación no centro ou na periferia do capitalismo mundial, son todos eles, e máis outros, factores que condicionan a estratexia máis idónea pra construcción do socialismo en cada caso. Mesmamente por eso o P.S.G. postula unha estratexia socialista autónoma pra Galicia, que ben pode ter que diferir da comenente pra outros pobos peninsulares onde o capitalismo vai xa máis desenrolado e onde as combinacións de modos de producción e formas de civilización e de cultura son diferentes.

4.5. SOCIALISMO E LIBERTADE

O P.S.G. pronúnciase pola construcción do socialismo en libertade. E consciente de que a libertade está condicionada pola natureza das relacións sociais e de que nas sociedades crasistas a libertade esclusiva dos menos está baseada na escravitude dos máis. Nese senso estima que o establecemento das libertades formais non significa de ningun xeito a consecución da libertade real dos individuos na sociedade. Máis asimesmo estima que se deben escluir da estratexia socialista as formas totalitarias e despóticas de poder e de Estado que convertan en mera apariencia formal a socialización dos medios de producción, rexeneren novas modalidades de estrutura crasta na sociedade, afasten ao pobo traballador do control da xestión económica, e tollan a libertade de creación huma. Por eso a loita polo socialismo é unha loita cotian pola libertade.

4.6. SOCIALISMO E DEMOCRACIA

No plano das institucións da vida política a todos nivés, a loita polo socialismo en libertade é a loita pola democracia, entendida como auténtico exercicio do poder polo pobo. Non hai outra democracia verdadeira que a democracia socialista, porque mentres haxa crases sociáis antagónicas non estará garantizado o exercicio real do poder polo pobo. No proceso revolucionario encamiñado a ese ouxetivo, calquier paso que conduza a un control oligárquico do poder deviará dese camiño e tracionará, ao cabo, os valores esenciais do ideario socialista.

4.7. A VIOLENCIA REACIONARIA

De todos xeitos o P.S.G. considera que o principal enemigo real e aitual do socialismo en libertade é a violencia reacionaria, vixente en todas as formas históricas de sociedade deixa o presente e dende que eisisten esplotadores i esplotados. Esta violencia reacionaria é un feito que o socialismo non pode ignorar, senon que por forza ten que encarar e resolver asegn as circunstancias de loita política.

5. SOCIALISMO GALEGO COMO CORRENTE DE MASAS

Pra encetáremos o camiño cara unha Galicia socialista, o P.S.G. pretende ampliar ao máisimo a dimensión do socialismo como corrente de masas, abrangendo na causa do pobo traballador de Galicia todas as categorías sociáis aliadas da crase traballadora que ha de estar na avangarda do proceso revolucionario. Eses aliados son porque os seus intereses confluen ouxetivamente cos das crases más esplotadas, e porque estan ouxetivamente en contradición cos intereses das oligarquías burguesas.

6. A LOITA SINDICAL

A loita reivindicativa dos traballadores encerra unha dinámica avencelladora,pois que plantexa no plano do concreto reivindicacións de intereses de crase que son,por definición,comúns a todos os seus membros. Con todo,se admitimos que a condición traballadora e máis as formas específicas de explotación varían dunhas a outras sociedades,o subdesenrollo galego suscita problemas peculiares que,en en boa lóxica,hanse reflexar sobre do plano da acción sindical,e repercutiren na sua estrutura organizativa e na elaboración da sua estratexia. Por outra banda,o propio proxeito de construcción do socialismo obriga ao P.S.G. a contemplar tamén a loita sindical nesa perspeitiva,sin perxuicio da unidade de aición na loita reivindicativa. Causa diferente é a non interferencia entre partido e sindicato,que o P.S.G. decididamente postula.

7. LABREGOS E MARÍNEIROS

E peculiar a maneira en que resultan esplotados os mal chamados traballadores autónomos,que son na sua maioria labregos e mariñeiros e constituen ao proprio tempo a maior parte do pobo traballador de Galicia. Eles padecen más que ningunha outra camada popular galega o sacrificio brutal da emigración. Eles producen un excedente económico sorrido polo capitalismo dominante a traveso dos circuitos de comercialización,sistemas de precios,cárgas tributarias e demás mecanismos de succión que consuman unha explotación combinada e reduplicada e reducen aos máis baixos niveis de subsistencia rexistrados na sociedade galega. Eles ven espoliadas as suas terras e contaminadas as suas rías pola industria capitalista. Eles aturan os grados máis elevados de inseguridade social,as formas mais agudas de imperialismo cultural. Eles son a maior parte dos marxinados en Galicia. Precisan dunha estratexia especificamente concebida praos seus problemas e reclaman a participación fundamental que lles corresponde,solidariamente co resto do pobo traballador galego,na construcción dunha nova sociedade.

8. IDIOMA E CULTURA GALEGOS

O idioma de Galicia é o idioma galego. A cultura galega é a cultura do pobo traballador de Galicia, que é fundamentalmente un pobo galegofalante. Nela inspiráronse e inspiráranse os artistas, literatos, pensadores e científicos que foron e son fieles ao país no seu labor de creación e que non se alienaron culturalmente. Idioma, cultura popular, e cultura erudita de raíz e más expresión galegas constitúen o patrimonio colectivo que compre defender e fomentar con ausoluta prioridade, por ser a forma xenuina de expresión colectiva do pobo galego e más a sua contribución singular a cultura universal. Compre, xa que logo, loitar contra as formas e mecanismos de alienación cultural, como atrancos que son a libre realización colectiva nunha das suas manifestacións más profundas. A loita pola reivindicación do idioma, pola eliminación do seu carácter de estigma de crase, e como consecuencia, cando menos, pola sua inmediata cooficialidade co idioma castelán, constitúen un oxuxetivo irrenunciábel na estratexia política do P.S.G. como tal movemento socialista.

9. COS POBOS ESPLOTADOS DO MUNDO

O P.S.G. declara a sua solidaridade con tódalas crases esplotadas e tó dolos pobos colonizados do mundo e proclama a sua vocación internacionalista, que de ningún xeito está en contradición coa sua profesión de nacionalismo galego. Que Galicia non dispónha hoxe dunha superestrutura política propia siñifica que a burguesía non se fixo dona dun Estado feudal galego preesistente nin chegou a crear un Estado burgués galego ao servicio dos seus intereses de crase. Máis non siñifica que as crases traballadoras galegas non lles interese chegar a dispor dun aparello estatal propio, sin perxuicio das fórmulas federativas nas que lles conveña integrarse. Mesmamente a loita pola liberación nacional nun proceso de construcción do socialismo constitue a forma de se realizaren políticamente os traballadores galegos e máis tamen a sua más inmediata e singular contribución a causa do internacionalismo proletario, xa que é unha loita antiimperialista e anticolonialista.

10. SOLIDARIDADE COS POBOS IBERICOS

En congruencia co anterior, o P.S.G. proclama a sua solidaridade cos demás pobos da Península Ibérica, cos que está xungido nuns casos por comunidade de historia e de cultura, noutras polo feito común de estaremos sometidos, dende hai séculos e deixa hoxe, a un Estado unitario centralista e, na maior parte das suas fases históricas, despótico e antidemocrático, que non consigueu porén esmagar e aniquilar as nosas personalidades coleitivas diferenciadas, mais sia abafalas e toller o seu libre desenvolvemento. Singularmente proclama o P.S.G. a sua solidaridade cos demás movementos socialistas deses pobos peninsulares e coas crases traballadoras cuios intereses teiman en defender. Con eles propónse o P.S.G. proseguir no imediato a loita comun pola caída do vixente réxime feixista.

11. FEDERALISMO E ESTADO

Sin perxuicio do previo requisito da autodeterminación do pobo galego e demás pobos peninsulares, o P.S.G. postula unha fórmula federativa prao arremedamento do futuro Estado da Península Ibérica. O P.S.G. afirma que dita fórmula, pola sua mesma índole, débese considerar aberta asimesmo as rexións diferenciadas que, sin reuniren as carauterísticas de comunidades nacionais, precisen realizarse en toda a plenitude da sua persoalidade peculiar e disporen das institucións políticas acaídas prao axeitado plantexemento e solución dos seus problemas específicos. E así, nesta óptica de igoaldade e fraternidade solidarias, como o P.S.G. entende enfocar e levar adiante as relacións coas crases traballadoras peninsulares. E mesmamente nesa actitude que o P.S.G. entende que resulta definitivamente lexitimada, cara as relacións cos pobos peninsulares, a sua reivindicación nacionalista galega prao construción do socialismo.

12. DEMOCRACIA INTERNA DO P.S.G.

O P.S.G. sométese el mesmo na sua organización interna aos principios democráticos que tencionan instaurar na sociedade. Reconoce a libertad de crítica, decote arrequecedora, no interior do partido, sin perxuicio da coerencia na aición e da disciplina no acatamento das decisións emanadas dos seus órgaos.

Galicia, 1974

Encol do Socialismo Galego

PRIMEIRO : O socialismo galego non se plantexa directamente os problemas na dimensión española, senón na galega. Galicia é a formación social concreta prá que o socialismo galego trata de percurar unha vía de transición cara o modelo da sociedade socialista. Sobor do destíño da formación social galega pesa o feito superestrutural do Estado español : é unha realidade política coa que resulta forzoso contar. Mais iso non impide que sexan duas dimensíons políticas diferentes, a galega e a española. Que o socialismo galego, considere irreversíbel a primeira e non fadalmente a segunda, e que en todo caso o análise en primeira instancia dos problemas de transición cara o socialismo deba ser abordado na dimensión ou ao nivel da formación social galega. A vía que poidera resultar axeitada pra Catalunya, por exemplo, pode non ser idónea pra Galicia. A inserción do feito galego no Estado español, constitue pois, polo menos en

hipótese, un atranco prao noso desenvolvemento político. No desenvolvemento capitalista " español " Galicia resultou perxudicada por unha inserción colonial dependente. Non hai garantías de que determinadas vías de transición ao socialismo que se ensaiarán a nivel do Estado español, non producirán, ao seu xeito, consecuencias talmente perxudiciais para Galicia, e polo menos eisisten precedentes significativos en diversas esperencias de construcción do socialismo no século presente que confirman o fundado da nosa postura.

Isto non está en contradición co internacionalismo socialista: somentes significa que o plantexamento arrinca de considerar a Galicia como nacionalidade. Que Galicia non posúa hoxe unha superestrutura política, non significa que as crases traballadoras galegas non lles interese chegar a dispor dun aparello estatal propio, sin perxuicio das fórmulas de confederación nas que lles conveña integrarse. Adóitase afirmar, de modo simplista, que o proletariado loita por unha sociedade sin crases, nas que o feito nacional resultaría políticamente irrelevante. Mais, ao mesmo tempo, adóitase esquecer que no proceso de construcción do socialismo a abolición das crases non está situada ao comienzo, e que, mentres os partidos do proletariado que definen seu ámeto polo dun Estado preesistente toman como datos, superestruturas políticas creadas pola burguesía e axustanse a elas (con todalas repercusións negativas que iso supón), os partidos do proletariado dunha nación non constituída plantexan a reivindicación do Estado propio como un ouxetivo enxertado no proceso revolucionario, como un instrumento de poder das crases traballadoras creado por elas mesmas, e non como un herdo contaminado. Se o Estado vai seguir a xogar un papel decisivo ao longo do proceso cara unha sociedade socialista, ¿ por qué van amoldarse as crases traballadoras aos feitos consumados dos Estados herdados da burguesía ?

Cando un traballador galego se declara español, estase definindo por un feito superestrutural burgués e máis por unha compulsión ideolóxica imperialista: fala como colonizado, mesmamente igoal, en esencia, que un traballador negro mozambiqueño que dixerá ser portugués

denantes do 25 de abril. Polo tanto pra un partido das crases traballadoras galegas, dar por suposta e incuestionable, ou seña, aceitar a priori, a inserción de Galicia no Estado español cara o futuro, revelaría un visión alienada - por burguesa e colonialista - dos intereses de crase que pretendese defender, e polo tanto incurriría nunha negación de si mesmo. O pobo galego pode escoller a alternativa dunha determinada fórmula de Estado español, ou ibérico, prao seu futuro político, mais esa oución somentes pode ser lexítima despois do estudo e valoración das alternativas en xogo, do análise en concreto dos intereses específicos dos traballadores galegos en cada unha delas, e da outención de garantías axeitadas. E decir, a partir da propia concencia nacional e de crase, como resultado dun cálculo e función dun contrato político, non a priori nin por alienacion ideoloxica.

SEGUNDO : Socialismo e democracia son dous termos indissociables. Polo tanto non é correito plantexar democracia primeiro e socialismo despois, como se poideremos acadar a democracia sin pasar polo socialismo, ou polo proceso da sua construción cando menos. A democracia entendida como vixencia das meras libertades formás non pode ser unha concepción assumida por socialistas, porque mentras haxa crases sociás antagónicas, ainda con libertades formás, non estará garantizado o exercicio real do poder polo pobo. E a consecución dunha sociedade realmente democrática eisixe un proceso revolucionario que transmutede radicalmente a estrutura da sociedade actual, un proceso no que as crases traballadoras acaden a primacía no poder.

E frecuente dar por sentado que o socialismo democrático esclue dos seus plantexamentos todo proceso revolucionario que revista carácter violento, e mesmo todo proiecto revolucionario sin maiores ouxetivos. Compre facer algunas precisiones encol disto. O que nefecto esclue toda estratexia socialista democrática son as formas totalitarias de poder e de Estado, ainda mesmo como pasos intermedios na construcción do socia-

lismo. A ditadura do proletariado debe significar o liderádego das crases traballadoras e o seu control preponderante no aparello do Estado, e non en troques formas despóticas e antidemocráticas de poder político. Cando o Estado reviste esas formas, non está realmente no poder o pobo traballador, senón unha burguesía capitalista manipuladora de lacaios máis ou menos disfrazados, ou unha burocracia de Estado aparentemente socialista. Iso é o que pretende deixar escluido da sua traiutoria, o socialismo democrático. Mais a violencia, en troques, é un feito que esta na sociedade actual e más en todas as suas formas históricas deixa o presente dende que eisisten esplotadores e esplotados. A violencia esta acobillada no poder constituído en toda sociedade crasista, esta presente, en formas diversas, na dinámica social mesma mentres eisistan crases sociáis antagonistas. Que o socialismo democrático se propona evitar deixa onde poida o recurso a acción violenta, non significa que ignore a violencia mesma ou que deba agachar a cabeza ante a sua presencia. A violencia reacionaria é un feito, e ante ela soio cabe controlala, eludila ou combatela. Ignorala sería idealismo político ou escapismo. Podería ser incruso unha postura ética comprensible. Mais non sería unha postura socialista consecuente.

TERCEIRO : Precisamente unha das formas de violencia constituída e institucionalizada na nosa sociedade é a que se exerce nunha forma específica de colonialismo que é o colonialismo interior. Galicia enteira, o pobo galego, padece esa forma de colonialismo dende hai séculos. O colonialismo interior e a esplotación de crase son dous fenómenos inseparábeis no ser social de Galicia. Non eisistiron na edade moderna, nin eisisten ainda hoxe un sin o outro, e somentes se poden dissociar a efectos analíticos. As formas concretas en que se combinan os fenómenos de esplotación en Galicia pasan polo colonialismo interior. Por iso calquer explicación da nosa problemática social que prescinda dun dos dous fenómenos - a esplotación de crase ou o colonialismo - resulta incompleta e, polo tanto inadec-

cuada. Equival a operar como se o pobo galego non tivera eisistido nunca ou xa non eisistira hoxe. Mais illa está ahí, tanto no plano dos conceitos como no da realidade. Por conseguinte, calquer socialismo que, en Galicia prescindira dixe pobo traballador galego, ou ignorara os fenómenos que permiten definir con precisión a sua problemática política, tanto dende a perspeitiva do colonialismo interior coma dende a da estrutura de crases, conxugadamente, sería un socialismo sócio na apariencia, e unha ideoloxía alienadora no seu trasunto profundo.

CUARTO : A partir destas premisas pode definirse, en síntese, o papel do socialismo galego como o dunha forza política que loíte pola construción dunha sociedade socialista, é decir, dunha sociedade sin crases, para e polo pobo galego, sin tomar dogmaticamente como modelo ningún ensaio histórico concreto e sin renunciar por adiantado a construción dixe socialismo en condicions de libertade crítica.

QUINTO : Agora ben. A alternativa socialista que eiquí se espresa non é a única que se proponise proieito en Galicia. Polo menos tal parece desprendese das afirmacións más ou menos enfáticas, inda que rara vez desenroladas razonadamente, de diversas organizacións presentes no mapa político galego. Conven, xa que logo, establecer unhas mínimas coordenadas e trazexar lindeiros significativos.

Por unha banda están as correntes que din profesar unha doutrina socialista e que son dalgunha maneira ai- tuantes en Galicia, pro que non sumen os plantexamentos que acaban de ser espostos con relación ao que por Galicia deba entenderse, e a interpretación da sua problemática política. Esas correntes achanse, no plano teórico, ou no da praxis, ou nos dous - asegur os casos - nunha contradición aberta cos intereses das crases e afrações de crase que pretenden representar e defender.

Cecáis ao cabo cheguen a asumir posicións teóricas e prácticas correitas, e nise caso convertiránse en forzas políticas "galegas". Mais iso non é demasiado probable en tódolos casos, por razóns diversas, das que

a fundamental consiste na preponderancia de plantexam-
entos que responden a enfoques de ningun xeito idén-
ticos aos do pobo traballador galego, de estratexias a
escada internacional nas que ese pobo traballador noso
pôdo resultar ser un " chivo expiatorio " ao que lle
corresponda a honra de ir ao sacrificio en proveito
deoutros, ou de simples prioridades estratéxicas ou tét-
ticas decididas de portas afora do país, etc. En calquier
caso, esas forzas se non se convirten " realmente " en
forzas galegas (causa que non se resolve ao nivel das
denominacións) exerceran de feito unha aición colonia-
lista contraditoria coa sua pretendida natureza de for-
zas liberadoras das crases esplotadas, e por esa banda
estarán decote en descuberto e serán sempre vulnerables,
tanto máis canto máis medre o nivel de concencia das
crases populares galegas, que irá de par coa concencia
do feito colonial - como xa está a percibirse no derra-
deiro da nosa Historia.

Por outra banda están as varias correntes de es-
querda galega, reformistas ou revolucionarias. Nelas, á
alternativa socialista que plantexamos, correspondelle
polo menos dous cometidos esenciais : un, levar adiante
nunha perspeitiva crítica unha estratexia de construc-
ción do socialismo en Galicia que atenda máis as hipote-
ses de desenrolo cara o futuro, deduzidas da nosa histo-
ria e da nosa problemática, que ao modelo dunha determi-
nada esperencia antre as xa ensaiadas ou a unha deter-
minada formulación teórica antre as que entroncan no
árabe marxista, que é de calquen xaito o eixo cardinal;
outro, ampliar ao máisimo a dimensión do socialismo co-
ma corrente de masas, atraguendo pra causa do pobo tra-
ballador de Galicia todas as camadas populares que aí-
nda non teñen concencia de formar parte dil pola identi-
dade fundamental dos seus intereses, e máis todos os aliados
potenciás daquelhas fraicións de crase que, pola
sua situación nas relacións sociás, han estar na avan-
garda do proceso revolucionario, e impidindo así que i-
ses aliados potenciás sexan manipulados por forzas re-
acionarias ou colonialistas, é decir, dun xeito ou dou-
tro, enemigas dos intereses populares galegos.

Delegacion Esterior